



D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 8 de novembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

2.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI). EXPTE. 420/1102.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 07/11/18, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo Excmo. Alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, acordou na súa sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015 (Expte. 34/1102), entre outros, aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia de designación de D. David Regades Fernández, como **representante** do Concello na **FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI)**.

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomeou Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre a designación dun/dunha novo/a concelleiro ou concelleira do Grupo Municipal Socialista como representante do Concello de Vigo na Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI).

Polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo, na Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), efectuada mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015 (Expte. 34/1102).

Segundo.- Designar como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo na Fundación Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), ao concelleiro **D. Francisco Javier Pardo Espiñeira**.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Fundación Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/11/2018 10:15

Páxina 1 de 2

Expediente 420/1102

CSV: 27E355-562C85-BCC2E4-FJYGEJ-VG1NX2-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/11/2018 10:15

Páxina 2 de 2

Expediente 420/1102

CSV: 27E355-562C85-BCC2E4-FJYGEJ-VG1NX2-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>